

Tratamento dos temas transversais

Na **Educación Secundaria Obrigatoria** debemos considerar o artigo 6 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, no que se fai referencia aos elementos transversais así como a breve referencia do artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño:

- **A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias**, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa.
- Fomentárase a calidade, equidade e **inclusión educativa das persoas con discapacidade**, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, **atención á diversidade** e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poda acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- Fomentárase a **igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade** e os valores inherentes ao principio de **igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social**.
- Fomentárase a aprendizaxe da **prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores** que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo o xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- Evítanse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentárase as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial** a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Adoptárase medidas para que a **actividade física** e a **dieta equilibrada** formen parte da práctica diaria dos alumnos e alumnas, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.
- No ámbito da **educación e a seguridade viaria**, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.